Base de datos Westlaw . Contamos cun acceso a esta base de datos legislativa coa que damos información aos usuarios.

O uso da colección




Recursos informativos

A colección en función do préstamo

Non prestables	12.207
Prestables	109.815

Colección prestable vs Non prestable



Está claro que na BPS facilítase a consulta a domicilio de practicamente todo o fondo.

Recursos informativos


Uso. Préstamo a domicilio. Evolución

2008	2009	2010	2011	2012	2013
73.475	136.451	153.061	175.203	177.527	186.804



Préstamos a domicilio

BPS. 2008-2013




Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio. Comparativa coas realidades máis próximas

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Santiago	Media Nodais
2008	148.460	162.625	66.225	84.830	159.883	73.475	115.916
2009	138.110	110.596	77.471	95.074	183.792	136.451	123.582
2010	130.139	172.317	99.399	95.946	190.425	153.061	140.215
2011	122.439	167.640	106.393	109.262	186.469	175.203	144.568
2012	143.324	233.013	119.962	121.033	198.774	177.527	165.606
2013	139.258	183.918	114.728	150.225	194.255	186.804	161.531

Préstamo a domicilio Bcas Nodais Galicia

2008-2013



A BPS foi progresando positivamente e desde o 2012 leva superando o préstamo doutras bibliotecas coma ⁵⁹

A Coruña, Pontevedra e Ourense.

Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio na BPS. Avaliación. Indicadores

BPS	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Préstamos	2.315	1.872	1.007	73.475	136.451	153.061	175.203	177.527	186.804
Préstamos / hab.	0,02	0,02	0,01	0,77	1,43	1,62	1,82	1,84	1,94
P. de libros / hab	0,02	0,01	0,01	0,37	0,73	0,87	0,95	0,98	1,08
P. de audiov / hab	0	0	0	0,35	0,60	0,60	0,64	0,67	0,67
Préstamos / usuarios inscritos	8,4	8,6	6,1	10,9	12	9,15	8,29	7,06	6,52
Usuarios activos	Sen datos	Sen datos	Sen datos	5,1%	6,8%	8,63%	8,03%	8,55%	9,65%

Préstamo a domicilio	BPS 2013	Media Nodais 2012	Media española 2012	Media UE 2001
Préstamos	186.804	165.606		
Préstamos / hab.	1,94	1,3	1,07	4,9
P. de libros / hab	1,08	0,8	0,71	
P. de audiov / hab	0,67	0,5	0,32	

A evolución interna dos préstamos é moi boa, sempre en progresión positiva, supera a media das Nodais e a media española de todos os indicadores e só está lonxe da media europea.

En canto á relación préstamos coa poboación atendida tamén se produciu un crecemento nos últimos anos e o indicador está por riba da media de Nodais e case duplica a media española. En canto aos diversos soportes por habitante os libros seguiron medrando nos últimos anos e o indicador é tamén máis alto ca nas Nodais e ca no resto de España, mentres que os audiovisuais están estancados nestes 2 últimos anos, aínda que o indicador é máis alto ca nas Nodais e case duplica tamén a media española.

En xeral, o préstamo é un dos servizos estrela da Biblioteca.

Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio na BPS. Avaliación

Usuarios activos do préstamo BPS 2013	Media Nodais 2012
9,65	7,17

Préstamo a domicilio	BPS 2013	Media Nodais 2012	Media española 2012
Préstamos / usuarios inscritos	6,52	6,1	3,64
Préstamos / usuarios activos	20,11	22,27	13,61
Préstamos / visitas	0,57	0,64	0,49

Os préstamos por usuario inscrito si que experimentou un descenso desde o ano 2011, o certo é que cada vez é meirande a cantidade de inscritos e os préstamos non medraron na mesma proporción. En cambio cada vez son máis os usuarios inscritos que levaron préstamos no último ano.

Se poñemos en relación estes datos cos das Nodais e da media española observamos que a cantidade de préstamos que levan os usuarios inscritos é maior ca media das Nodais e case duplica a española. En cambio a cantidade de préstamos que levan os usuarios activos é algo inferior á media das Nodais, aínda que moi superior á media española.

A cantidade de préstamos que leva cada visitante é algo inferior á media de Nodais, pero segue a ser maior ca da española.


Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio

Préstamo a domicilio na BPS por meses. Ano 2013


Que meses son os de máis préstamo?. Cantos préstamos se fan no mes?

Préstamos a domicilio por meses



Media préstamos mensual	16.140
--------------------------------	---------------

Devolucións por meses



Media préstamos mes verán	9.894
----------------------------------	--------------

Media préstamos mes resto ano	17.389
--------------------------------------	---------------


Obsérvase o pico máis alto dos préstamos e devolucións no mes de abril, pero tamén outubro e xaneiro foron fortes. A redución dos meses de xullo e agosto cadra tamén coa redución a máis da metade de horario da biblioteca a 30 horas semanais no canto das 66 e media do resto do ano, aínda así os préstamos non se reducen á metade, son máis elevados.

Recursos informativos


Uso. Préstamo a domicilio

Préstamo a domicilio na BPS por día da semana


Préstamos por día semana



Media préstamo por día semana



Devolucións por día da semana



Media préstamos día	672
Media préstamos día (luns a venres)	708
Media préstamos día (sábado)	467
Media préstamos hora (luns a venres)	71
Media préstamos hora (sábados)	117
Media préstamos día (resto ano)	707
Media préstamos día (xullo-agosto)	471


Queda claro que o día da semana onde máis éxito ten o préstamo e cando se fan máis devolucións é o luns, seguido en préstamos polo venres. Sen embargo, facendo o cálculo por horas, os sábados teñen unha media moito máis elevada ca calquera outro día da semana, así coma os días de verán, onde o horario se reduce a máis da metade pero os préstamos teñen valores por enriba da metade dos outros días.

Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio. Mañás vs tardes

Préstamo a domicilio. Mañás vs tardes

BPS 2013





Media préstamos mañás	368
Media préstamos mañás (sen contar sábados nin verán)	326
Media préstamos tardes	497

Préstamos por hora	65
Préstamos por hora mañás	61
Préstamos por hora tardes	83

Os resultados evidencian que a meirande parte do préstamo realízase polas tardes.

Que soporte usa más o público?




Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio en función da tipoloxía documental. Evolución

	Libros e folletos	sonoros	audiovisuais	electrónicos	Pub per	Outros
2008	35.759	4.553	32.816	346	0	1
2009	70.844	6.908	56.090	899	1.702	8
2010	82.328	9.397	56.689	1.705	2.942	0
2011	91.542	12.169	61.504	6.248	3.382	358
2012	95.143	11.152	65.163	2.454	3.363	252
2013	103.548	11.886	64.925	2.135	4.085	225

Evolución do préstamo por tipo de soporte

BPS 2008-2013




Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio en función da tipoloxía documental. Evolución


Evolución do préstamo de libros

BPS 2008-2013




Evolución do préstamo de documentos sonoros

BPS 2008-2013




Evolución do préstamo de audiovisuais

BPS 2008-2013



Evolución do préstamo de pub periódicas

BPS 2008-2013




Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio en función da tipoloxía documental. Evolución


Evolución do préstamo docs electrónicos

BPS 2008-2013



Evolución do préstamo doutros documentos

BPS 2008-2013



Os gráficos nos amosan unha progresión positiva continua do préstamo de libros e de revistas en números absolutos nestes últimos anos, mentres que se observa un claro descenso desde o ano 2011 en materiais coma os electrónicos, noutros soportes e un descenso máis leve nos documentos sonoros. Nos audiovisuais desde o ano 2012 tamén se observa un pequeno descenso. Pode deberse ao escaso incremento dos fondos e á competencia de descargas de internet de audiovisuais e documentos sonoros.

Recursos informativos


Uso. Préstamo a domicilio en función da tipoloxía documental. Rotación. Evolución

Rotación	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Colección total	0,92	1,43	1,34	1,44	1,40	1,14
Libros	0,48	0,82	0,8	0,86	0,86	0,9
Docs sonoros	5,26	3,9	3,61	3,51	2,77	2,8
Audiovisuais	12,79	14,57	9,4	7,68	7,57	7,08
Electrónicos	0,63	1,05	0,99	3,3	1,17	1,01
Pub periódicas						0,33

Rotación	Media
Colección total	1,28
Libros	0,79
Docs sonoros	3,64
Audiovisuais	9,85
Electrónicos	1,36


Rotación

BPS 2008-2013



Media de rotación

BPS 2008-2013




As preferencias do público están moi condicionadas pola oferta por iso a rotación indica mellor as preferencias. A rotación dos diferentes soportes ao longo do tempo tamén deixa claro un lixeiro descenso do uso de todos os soportes e da colección total desde o ano 2011, agás os libros. En relación aos diferentes soportes o éxito dos audiovisuais sobre os demais soportes queda moi patente, seguidos dos documentos sonoros, electrónicos e finalmente os libros.

Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio en función da tipoloxía documental. 2013


2013	186.804	%
Impresos	103.548	55%
Audiovisuais	64.925	35%
Sonoros	11.886	6%
Pub periódicas	4.085	2%
Electrónicos	2.135	1%
Cartográficos	180	0,096%
Música impresa	32	0,017%
Outros	12	0,006%

Préstamos a domicilio por soportes



Índice de rotación 2013	Media española 2012	
Colección total	1,14	0,64
Libros	0,9	0,48
Docs sonoros	2,8	
Audiovisuais	7,08	2,07
Electrónicos	1,01	0,74
Pub periódicas	0,33	

Rotación



A meirande parte dos préstamos en números absolutos son libros, aínda que os audiovisuais teñen moito éxito dado que se trata dunha colección moito máis reducida e de enorme éxito como queda patente no índice de rotación dos mesmos, se ben é verdade que a alta rotación tamén é debido ao tipo de préstamo : os libros préstanse 15 días con renovación doutros tantos, mentres que os audiovisuais son 7 días sen renovación. Hai 70 que destacar o alto índice de rotación de toda a colección como tamén dos documentos electrónicos, todos os indicadores superan a media española con creces, o que fala do éxito da colección.


Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio en función da tipoloxía documental

BPS	2008	2009	2010	2011	2012	2013	Media
P. de libros	49%	52%	54%	52%	54%	55%	53%
P. de Non -libros	61%	56%	46%	48%	46%	45%	50%


Préstamo de libros vs non-libros

BPS 2008-2013



Préstamos a domicilio Libros vs non-libros e tipo lector

BPS 2013



Rotación	BPS 2013
Libros	0,9
Non libros	4,87


Os documentos non-libros aínda que só representan un 13% da colección soportan máis do 45% do préstamo (chegan ao 50% na media destes últimos anos) polo que son materiais de grande éxito nos que é necesario investir. As preferencias do público nolo deixan moi claro. Son documentos que teñen unha rotación neste último ano de 4,87 fronte ao 0,9 do material librario. Aínda que xa indicamos que o tipo de préstamos favorece a súa rotación.

Recursos informativos


Uso. Préstamo a domicilio da colección infantil en función da tipoloxía documental

ROtación por soportes colección total vs Infantil

BPS 2013



Préstamos e nº docs infantís por soporte
BPS 2013



Podemos observar como o préstamo de libros infantís é moito máis alto có préstamo de libros da colección total e a súa rotación tamén, así coma a das publicacións periódicas. Destacan enormemente os audiovisuais cunha rotación aínda máis alta ca da rotación de audiovisuais do total. O certo é que está moi ben explotada toda a colección infantil, poucos exemplares pero moi usados, ten moito éxito.


Como se reparte o préstamo entre os diferentes tipos de lector?



Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio por tipo de lector

BPS	P. a adultos	P. a nenos	P. a institucións
2008	85%	14%	0,1%
2009	87%	13%	0,4%
2010	87%	11%	1,3%
2011	88%	12%	0,5%
2012	86%	13%	0,7%
2013	86%	14%	0,9%
Media préstamos	87%	13%	0,7%
	Aultos	Nenos	Institucións
Lectores	87%	13%	0,2%
Poboamento	88%	12%	



O predominio do préstamo a adultos é claro, explicable pola mesma proporción de tipo de usuarios inscritos (adultos e infantís) e similar en institucións (87% adultos, 13% nenos e nenas, 0,2% institucións) e parecida proporción de poboamento (88% adultos, 12% nenos e nenas). Os adultos ademais beneficianse da maior franxa horaria dispoñible para eles, posto que os nenos pasan a meirande parte do día escolarizados. A colección tamén reflicte unha proporción similar (85% colección adulta, 15% infantil) aínda que xa queda dito que a infantil é escasa no noso caso.


Hai que sinalar o aumento lento pero progresivo do préstamo a institucións, aínda que represente unha proporción ínfima do total significa que as entidades empezan a usar a biblioteca para surtirse de documentos.

Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio por tipoloxía documental e tipo de lector

Préstamos por tipo de lector e soporte

BPS 2013



Que seccions se usan máis?



Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio en función do contido. Seccións

Seccións colección BPS 2013	Préstamos	Nº documentos	Rotación
Depósito	1.674	33080	0,1
Poesía	1.152	2014	0,6
Estudios literarios	496	790	0,6
Sección Rec. Elect.	289	406	0,7
Revistas	4.085	5621	0,7
Outros xéneros liter.	1.027	1318	0,8
Libros informativos adultos	16.658	20511	0,8
Biografías	1.237	1229	1,0
Teatro	672	658	1
Fondo local	1.704	877	1,9
Linguas	1.241	877	1,4
Viaxes	2.332	1519	1,5
Audiov informativos	2.407	1520	1,6
Obras lit, ling estranx	4466	2106	2,1
Narrativa	21.924	9917	2,2
Infantil e xuvenil	51.977	21613	2,4
Colección accesible	1.257	388	3,2
Música (sen contar libros)	9.295	2524	3,7
Banda deseñada	12.025	5621	4
Películas e documentais	50.367	5152	9,8


O importante destes resultados non son os préstamos absolutos senón os relativos en función do nº de exemplares, é dicir, a rotación.

Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio en función do contido. Seccións


Préstamos e nº de docs. por seccións

BPS 2013



Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio en función do contido. Seccións



A rotación indica que as seccións con máis movemento foron as obras de creación e ficción : películas e documentais, banda deseñada e música por esta orde, onde hai que sinalar que a banda deseñada ten unha política de préstamo idéntico ao resto dos libros mentres no de materiais resto son máis curtos. A destacar o préstamo total e relativo da colección infantil e xuvenil por diante da narrativa.


Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio en función do contido

C.D.U.

Libros por C.D.U.		Préstamos total
0	Xeralidades	15.480
1	Filosofía e psicoloxía	3.478
2	Relixión, teoloxía	758
3	Ciencias sociais	4.973
5	Ciencias puras	3.383
6	Ciencias aplicadas	4.914
7	Artes, deportes	5.866
8	Lingua e literatura	78.307
9	Xeografía e Historia	6.870

Préstamos totais de libros por CDU




A xulgar polos datos o contido que máis interesou ao público foi o nº 8 que corresponde especialmente coas obras literarias, os usuarios inclínanse pola ficción. Tamén hai que ter en conta que o nº de documentos deste fondo é máis amplo.... En segundo lugar as obras xerais (onde está incluída aquí a informática) tamén tiveron unha grande demanda. Detrás están a Xeografía, a Historia e as Biografías.

Recursos informativos


Uso. Préstamo a domicilio en función do contido

C.D.U.

Préstamos de libros de adultos por CDU



Préstamos de libros infantís por CDU



Con respecto ás preferencias xerais non hai moitas diferenzas con respecto á elección pola literatura que segue a destacar sobre calquera outra, sen embargo os adultos en segundo lugar decántanse máis pola Xeografía, Historia e Biografía ca polas obras xerais que prefiren os nenos. En terceiro posto os adultos sitúan as obras do 7 (Ate, Deportes, Espectáculos), mentres que os nenos levan libros de ciencias puras neste posto.

Que novelas nos gustan más?




Recursos informativos


Uso. Préstamo a domicilio en función do contido. Narrativa

Narrativa	Exemplares	Préstamos	Rotación
Narrativa sen xénero	6094	11356	1,9
N. ciencia ficción	304	570	1,9
N. fantasía	459	767	1,7
N. histórica	982	2340	2,4
N. intriga e misterio	1415	4892	3,5
N. romántica	383	1402	3,7
N. terror	271	516	1,9

Narrativa
BPS 2013





Rotación da narrativa adultos



A sección máis voluminosa da narrativa é aquela que non ten asignado un xénero concreto e tamén a que tivo máis préstamos en números absolutos, pero o certo é que os xéneros con máis movemento foron a novela romántica(que é das seccións con menos exemplares), a de intriga e a histórica.

Que banda deseñada ten máis éxito?




Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio en función do contido. Banda deseñada (infantil e adultos)


Banda deseñada

BPS 2013



Rotación da banda deseñada

BPS 2013





Banda deseñada	Exemplares	Préstamos	Rotación
BD americana	1939	4278	2,2
BD esp, europea, hisp	2695	9408	3,5
BD manga	942	3268	3,5
BD galega	263	557	2,1
BD pub sobre BD	219	297	1,4

As seccións con máis éxito son a americana e o manga xaponés. Tamén hai que destacar o movemento da banda deseñada galega que aínda que ten moi pouco fondo ten unha boa rotación.

Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio en función do contido

Música




En termos absolutos o máis prestado da música é o rock e o pop, seguido das músicas do mundo e a música clásica. Sen embargo, cando se pon en relación o préstamo e o nº de documentos observamos que o fondo musical que máis se moveu non foi esta sección malia ter o meirande nº de exemplares, senón que foi o jazz e blues, seguido das bandas sonoras, o rock e pop, músicas do mundo e como penúltima a música clásica.

Recursos informativos


Uso. Préstamo a domicilio en función do contido.

Música infantil

Rotación música infantil



Préstamos e nº documentos música infantil



Desde logo a sección de música que máis se move é a infantil expresamente creada para iso, pero tamén ten o mesmo éxito os audiotextos, probablemente para nenos que aínda non saben ler.


E de cinema?




Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio en función do contido. Cinema

Préstamos e nº de documentos de películas de cine adultos





Rotación das películas de cine adultos



O máis prestado do cinema foi o drama, seguido da comedia, aínda que a rotación nos indica as verdadeiras preferencias do público ou o éxito dos fondos doutras seccións coma a ciencia ficción que non conta con tantos documentos ou do cinema erótico que malia ser o de menor fondos tivo un movemento amplísimo ocupando o 2º posto. Tamén destaca polo mesmo a sección de policiaco ou o romántico ou o biográfico.

Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio en función do contido. Cinema infantil



Podemos observar como entre os pequenos o cinema é a que ten máis movemento, con moita diferenza das series de TV.


Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio en función da accesibilidade

Préstamo a domicilio de documentos en libre acceso fronte os de depósito

Préstamos Depósito vs Libre acceso

Libre acceso	Depósito
198.988	2.684



O éxito do libre acceso para facer máis accesibles os documentos ao préstamo está xa longamente demostrado.

Préstamo interbibliotecario


P. inter BPS	2008	2009	2010	2011	2012	2013	Media Nodais 2012
Pedimos	489	1.776	2.703	3.164	3.706	4.131	
Nos pediron	207	774	1.069	1.254	1.711	1.966	
TOTAL	696	2.550	3.772	4.418	5.417	6.097	4.284

O incremento do préstamo interbibliotecario ao longo do tempo e unha media por enriba das Nodais pódese explicar na colección máis exigua que ten esta biblioteca con respecto a outras Nodais mellor dotadas en fondos bibliográficos, xa que o aumento débese ás nosas peticións e tamén no descenso de fondos vivido desde o 2011. Aínda que o uso da colección cooperativamente sempre hai que vela como algo positivo.


Recursos informativos

Uso. Préstamo a domicilio. Autopréstamo

	2009	2010	2011	2012	2013
autopréstamo	22.741	34.487	49.796	69.590	81.077
total préstamos	135.681	151.720	177.838	192.005	193.674
% do total	17%	23%	28%	36%	42%
nº máquinas funcionando	1	2	3	3	4
Media prestamos por maq	22.741	17.243	16.599	23.197	20.269



Media de préstamos por máquina




A utilización das máquinas autopréstamo foise incrementando ano a ano, pero tamén é verdade que o nº de máquinas tamén se foi elevando porque apostamos pola automatización de tarefas mecánicas. O autopréstamo fai ao usuario máis autónomo e libre ademais de permitirlle maior confidencialidade, polo que respecta ao persoal supón menor carga de traballo mecánico e máis tempo dispoñible para facer outras tarefas. De todos modos o funcionamento non é moi correcto, a maioría dos problemas débense á conexión co programa de xestión absynet e tamén debido a el non se poden explotar todas as potencialidades do produto (non son posibles as renovacións por exemplo ou non identifica os documentos solicitados en préstamo interbibliotecario). Tamén tivemos problemas de eficacia no mantemento e a súa conexión. A orde de funcionamento das máquinas foi 1º no ano do 2009 a do 2º andar, logo se puxo a funcionar outra no baixo no ano 2010 e no 2011 unha máis no 3º, a finais do 2012 empezou a funcionar a última en Infantil (como foi en decembro non a contamos nese ano), que non se explota tanto dado o horario escolar. Aínda non temos posibilidade de saber o que se presta en cada máquina, só podemos facer unha media. En xuño de 2013 tamén se puxeron a funcionar 2 máquinas de autodevolución, que desde o 1 de abril de 2014 puxemos de uso obrigatorio.

Recursos informativos


Uso da colección dixital en liña e de libros electrónicos. Evolución

	2011	2012	2013
Préstamo de E-readers	335	277	195
Descargas de E-books	1.133	586	177
Visitas á plataforma Galiciaebooks	6.290	3.375	2.091



Uso colección dixital en liña

BPS 2013



Colección dixital en liña	Docs	Accesos
2009	119	1.152
2010	120	651
2011	25	272
2012	27	756
2013	27	306


Os gráficos reflicten a caída do uso tanto dos libros electrónicos coma dos seus aparatos lectores, así coma as visitas á plataforma Galiciaebooks. O proxecto inicialmente espertou moita curiosidade e entusiasmo, pero non se renovou a colección ofertada polo que decaeu o interese. Tampouco axudaban as dificultades do proceso de descarga. O uso da Biblioteca dixital sufriu o mesmo problema : os contidos non só non se renovaron senón que foron diminuíndo. É un servizo interesante, pero que descoñece a meirande parte do público.

Recursos informativos

Automatización dos fondos

Automatización dos fondos	
Libros	91%
Sonoros	96%
Audiovisuais	94%
Electrónicos	100%
Cartográficos	100%
Gráficos	75%
Música impresa	100%
Outros documentos	100%
Publicacións periódicas	99%
Media total	95%

Automatización da colección



A colección presenta un alto índice de automatización (95%), baixa bastante porque nos documentos gráficos está aínda moi baixa, pero representa unha porción moi pequena do total da colección (son 9 gráficos automatizados de 12 existentes). O seguinte con máis problemas de automatización son os libros que si son o 87% do total da colección e resulta máis preocupante pola cantidade, pero débese fundamentalmente á enorme afluencia de doazóns de particulares que resulta difícil manter ao día.

Conclusións sobre os Recursos informativos

A colección

A cantidade absoluta segue a ser escasa en relación coa poboación atendida e dóese do descenso destes últimos anos.

En canto á súa distribución interna a nivel xeral é moi escasa a Infantil, tanto en libros coma en audiovisuais (especialmente de ficción). Resulta máis penoso que se observa a elevada rotación da mesma (superior á colección total). Tamén son moi escasas a música e as seccións de ciencias puras, ciencias aplicadas e xeografía. Algo escasas : xeralidades, deportes e arte. Aparecen excesivas nas comparativas as seccións de ciencias sociais e a banda deseñada. No relativo ás linguas hai que subir o nº de fondos en galego e noutras linguas estranxeiras (agás o inglés), sobre todo o portugués.

Na diversificación atopamos demasiado material librario e pouco soporte sonoro.

O crecemento e a renovación é inferior ao desexado 10% (estamos na metade) e o expurgo ideal (aplicable cando cheguemos á cantidade óptima de volumes) aínda non é unha realidade (este ano demos de baixa só 1.025 documentos).

Neste ano fíxose un estudo da colección para compensar as desviacións atopadas no ano 2012. Distribuíuse o orzamento dispoñible poñendo o acento na compra de fondos de coñecementos en adultos e Infantil, de fondos infantís en xeral, de audiovisuais infantís, de fondos en galego, de portugués e outros idiomas estranxeiros (agás o inglés).

A hemeroteca sofre a redución de títulos en curso, que haberá que retomar canto antes.

A Biblioteca dixital cada vez é menos consultada, necesita actualizarse e máis promoción. A plataforma Galicia ebooks quedou case esquecida pola falta de actualización, seu uso é cada vez menor, así coma o préstamo dos lectores electrónicos.

En cambio a nivel cualitativo a alta rotación de toda a colección demostra un alto interese da poboación pola mesma.

Conclusións sobre os Recursos informativos

O uso da colección

A rotación máis alta dos documentos é a dos documentos audiovisuais, logo seguen os documentos sonoros, a banda deseñada, a colección infantil en xeral, a narrativa e as obras literarias en linguas estranxeiras. Destacar de novo que a colección infantil ten unha rotación máis alta cá colección total.

As preferencias na narrativa apuntan á novela romántica, seguida da novela de intriga e a histórica, na banda deseñada é a española, europea, hispanoamericana e o manga as que teñen máis movemento, aínda que a galega ten bastante éxito para seren tan reducida, en música sinalan ao jazz/blues, ás bandas sonoras e ao rock/pop. Na sección infantil a música propiamente infantil ten moi alta rotación, así coma os audiotextos, que duplican a rotación do jazz/blues de adultos. As preferencias de cinema son a ciencia ficción, o cinema erótico, o drama, o policiaco e o romántico.

No aspecto negativo, internamente no uso da colección observamos un descenso desde 2011 en materiais coma os electrónicos, sonoros e outros documentos, incluso algo en audiovisuais desde 2012, quizás debido á falta de renovación da colección polos escasos recursos ou tamén ao aumento de descargas de internet destes contidos.

O servizo de préstamo presentou picos de máximo uso nos meses de xaneiro, abril e outubro. Sendo máis requirido polas tardes que polas mañás. Os venres son os días da semana onde se fan máis préstamos en números absolutos, pero por horas son os sábados os que destacan. Tamén nos meses de xullo e agosto (que só abrimos pola mañá) os préstamos se concentran máis ca nos días normais nesas poucas horas.

Conclusiones sobre os Recursos informativos

Posibles melloras

Para cubrir as carencias principais deben dedicarse cantidades importantes do orzamento do 2014 para mercar seleccións bibliográficas de obras de coñecemento, de Infantil, de música, reposicións de audiovisuais, de portugués, de idiomas novos do café de idiomas (polaco, ruso, árabe, catalán e éuscaro) e algo de música impresa (violín).

É preciso comezar cun expurgo de materiais que van quedando desfasados especialmente en contidos.

Para manter mellor ao día a automatización dos fondos e incorporación ás salas é preciso modificar o proceso técnico : catalogación, clasificación, selado, etiquetado...